

## Departamento de Inglés – IES Álvaro Cunqueiro

### ESO. Procedementos e instrumentos de avaliación. Criterios de cualificación.

Cada avaliación o alumnado será avaliado seguindo os seguintes criterios:

- A nota das probas formais será o 80% da nota da avaliación (sendo necesario acadar un 40% para aprobar); o 20% restante obterase da avaliación sistemática das demais actividades realizadas ao longo do curso.
- Para acadar o aprobado o alumnado ten que chegar a un mínimo de 5 puntos sobre 10 na avaliación das probas obxectivas (Competencias Lingüística e Plurilingüe), así como unha nota de 5 no total da materia.

### Desglose vinculando os Obxectivos, os Bloques, os Criterios de Avaliación e as Competencias:

a) **Probas formais:** 10 puntos. Peso na nota da avaliación: 80%

*Reading:* 1/10. Peso na nota: 8%. Obxectivo vinculado: Obxectivo 1. Bloque ao que se vincula: Bloque 1 Comunicación. Competencia: CCL

*Listening:* 1/10. Peso na nota: 8%. Obxectivo 1. Bloque 1. Competencia CCL.

*Writing:* 1,5/10. Peso: 12%. Obxectivo 2. Bloque 1. Competencia CCL.

*Speaking:* 1/10. Peso: 8%. Obxectivo 2. Bloque 1. Competencia CCL.

*Use of English:* 3,5/10. Peso: 28%. Obxectivo 5. Bloque 2 Plurilingüismo. Criterio de avaliación: 2.1. Competencia: CP.

*Vocabulary:* 2/10. Peso: 16%. Obxectivo 5. Bloque 2. Criterio de avaliación: 2.1. Competencia: CP.

b) **Traballo:** 2 points. Peso na nota da avaliación: 20%

*Respectful mediation and Interaction in class:* 0,5/10. Peso: 5%. Obxectivos 3+4. Bloque 1.

Competencias: CCL e CPSAA.

*Digital Workbook/Digital Essential Workbook:* 0,5/10. Peso: 5%. Obxectivo 5. Bloque 2. C.A.: 2.2. Competencias: CD, CPSAA, CP.

*Daily work/Hand-in work:* 0,5/10. Peso: 5%. Obxectivo 5. Bloque 2. C.A.: 2.3. Competencias: CPSAA, CD.

*Projects (1st+2nd Term)/Reader (3rd Term):* 0,5/10. Peso 5%. Obxectivo 6. Bloque 3 Interculturalidad. Competencias: CCEC, CC, CCL, CP, CPSAA, CD.

Na primeira, segunda e terceira avaliación, de dar un resultado con decimais NON se fará redondeo a alza.

Ao ser a materia e a avaliación progresiva e continua, o alumnado que aprrobe a terceira avaliación segundo os criterios de cualificación anteriormente descritos acadará a recuperación das anteriores avaliacións sen necesidade de realización de probas ou tarefas adicionais.

Realizadas as probas da 3ª avaliación, cada docente organizará unha proba de recuperación dos contidos non superados ao alumnado que non acadase unha avaliación positiva na materia, exceptuando a parte de *Speaking* por posibles problemas de tempo. A porcentaxe da nota de *Speaking* pasará a incrementarse nos apartados de *Vocabulary* (5%) e *Use of English* (5%).

A nota final será o resultado do seguinte cálculo:

Nota final: 10% da nota da primeira avaliación + 20% da segunda + 70% da terceira.

Nesta nota final, decidírase o redondeo á alza en función das tarefas realizadas ao longo do curso.

Ao ser a materia e a avaliación progresiva e continua, ao alumnado que aprobe a avaliación final segundo o cálculo descrito, acadará a recuperación das anteriores avaliacións.

No caso dos Programas de Diversificación curricular de 3º e 4º, os criterios serán lixeiramente diferentes, adaptados aos ámbitos correspondentes.

### **Plans de traballo para a superación das materias pendentes.**

**Elementos esixibles.** O alumnado que teña pendente a materia de Inglés de 1º, 2º e 3º de ESO deberá superar unha das probas de recuperación programadas durante o curso académico.

**Plan de traballo:** Daráselles a través da aula virtual do centro material de reforzo para recuperar, un cuadernillo para traballar independentemente, centrado nas partes de *Vocabulary* e *Use of English, Reading* e *Writing*. O alumnado será supervisado dun xeito continuado polo profesorado correspondente podendo plantexar pequenas probas de control. Ao mesmo tempo, o profesorado controlará a mellora das outras habilidades (*Listening, Writing, Reading,...*) durante o curso de referencia, mediante o uso dos instrumentos de avaliación utilizados para o resto do alumnado (probas escritas, taboas de observación, rúbricas etc.). Este traballo será unicamente de reforzo para o alumnado.

**Actividades de avaliación.** O alumnado será avaliado en tres convocatorias diferentes fixadas pola Xefatura de Estudos.

**Criterios para superar as materias pendentes pola avaliación continua.** Por decisión unánime do Departamento entendemos que a materia é progresiva. Polo tanto, ao alumnado que non supere a pendente nas convocatorias específicas pero acade o aprobado na segunda avaliación e/ou na terceira na materia do curso no que esté matriculado/a, daráselle por recuperada a asignatura.

## Bacharelato. Procedementos e instrumentos de avaliación. Criterios de cualificación.

Na convocatoria ordinaria dos cursos de 1º e 2º de Bacharelato, os alumnos/as con avaliación continua terán tres exames de avaliación coincidindo coas datas da 1ª, 2ª e 3ª avaliacións. Por cuestións de organización do tempo os exames poderán dividirse en dúas sesións coas diferentes partes.

Os exames serán, por exemplo, de completar ou traducir oracións (p.ex, Use of English), redactar textos máis ou menos complexos (*Writing, Reading e Listening*), de resposta múltiple (*Listening e Reading*), exposicións orais e diálogos en role-play (*Speaking*), incluíndo os instrumentos de avaliación especificados.

A proba de *phonetics* será flexible, tal como indican as pautas da Circular da Comisión ABAU.

A proba de *Speaking* pode ter distintas modalidades: un monólogo (con algunha pregunta das docentes), descrición dunha foto, un diálogo dirixido con preguntas alumno/a-docente, un roleplay en pairwork, etc. No caso de 1º de bacharelato, realizarase ao longo de maio ou xuño, no caso de 2º abril ou maio.

A estrutura das probas formais de 1º e 2º Bacharelato será a seguinte:

a) **Exame tipo ABAU / Texto:**

- True or false: 1 punto (8% da nota total). Relaciónase co bloque 1 (comunicación), máis concretamente co obxectivo 1 (comprensión).
- Vocabulary: 1 punto (8% da nota total). Relaciónase co bloque 2 (plurilingüismo), e co obxectivo 5.
- Phonetics: 1 punto (8% da nota total). Relaciónase co bloque 2 (plurilingüismo), e co obxectivo 5.

b) **Essay:** 2 puntos (16% da nota total). Relaciónase co bloque 1 (comunicación), máis concretamente co obxectivo 2 (producción).

c) **Use of English:** 3 puntos (24% da nota total). Relaciónase co bloque 2 (plurilingüismo), e polo tanto co obxectivo 5, e tamén co obxectivo 4 (mediación) do bloque 1 (comunicación).

d) **Listening:** 1 punto (8% da nota total). Relaciónase co bloque 1 (comunicación), e máis concretamente co obxectivo 1 (comprensión).

e) **Speaking:** 1 punto (8% da nota total). Relaciónase co bloque 1 (comunicación), e máis concretamente cos obxectivos 2 (producción) e 3 (interacción).

O alumnado deberá obter unha nota de alomenos 5 no total das probas formais para poder sumar os demais epígrafes en todas as avaliacións.

A continuación indícanse os demais epígrafes que se terán en conta para calcular a nota, unha vez acadado este mínimo nas probas formais:

a) **Interacción e mediación:** 5% da nota total.

Este epígrafe relaciónase cos obxectivos 3 (interacción) e 4 (mediación) do bloque 1 (comunicación).

Terase en conta a participación respectuosa nas actividades de interacción e mediación realizadas na aula, valorada mediante observación directa, rexistros e rúbricas. Isto incluírá a ausencia de comportamentos inadecuados ou faltas sen xustificar, así como a constancia no traballo habitual e participación nas tarefas na lingua estranxeira.

b) **Traballo diario:** 5% da nota total.

Este epígrafe relaciónase co bloque 2 (plurilingüismo), e polo tanto co obxectivo 5.

O alumnado que teña entregado todas as tarefas en prazo (redaccións e presentacións orais extras) acadará a puntuación máxima de 0,5. No caso dalgunha tarefa non entregada, para calcular o valor de cada unha das aportadas, dividirase 0,5 entre o número de tarefas solicitadas para facer o cómputo positivo. As tarefas deben axustarse aos criterios solicitados.

c) **Traballo cultural:** 10% da nota total.

Este epígrafe relaciónase co bloque 3 (interculturalidade), e polo tanto co obxectivo 6.

- Na 1ª e 2ª avaliación o alumnado realizará un traballo específico sobre un tema cultural e/ou de actualidade relacionado co entorno da lingua inglesa, xa sexa sobre festividade, acontecementos culturais, política, etc. O traballo poderá solicitarse en soporte escrito, electrónico ou mediante unha exposición oral.

- Na 3ª avaliación (final) a nota a sumar será a acadada na proba de comprobación de lectura obrigatoria dun libro relacionado co mundo anglo parlante. Por cuestións de organización e de tempo, esta proba poderá realizarse ao longo do segundo trimestre.

#### **Nota final na avaliación ordinaria**

A nota da convocatoria ordinaria será como segue:

10% da nota da 1ª avaliación + 20% da nota da 2ª avaliación + 70% da nota obtida na 3ª avaliación.

Con respecto aos traballos solicitados, se as docentes teñen sopeitas fundadas de que o traballo foi copiado / descargado ou feito con axuda de IA ou outros medios electrónicos (agás dicionarios online), consideraranse NON entregados.

#### **Criterios de recuperación:**

Ao ser a materia e a avaliación progresiva e continua, o alumnado que aprobe a avaliación ordinaria segundo o cálculo descrito, acadará a recuperación das anteriores avaliacións.

#### **Convocatoria extraordinaria.**

Na convocatoria extraordinaria haberá soamente unha proba sobre os epígrafes incluídos nas probas formais da convocatoria ordinaria, agás o relacionado coa proba de expresión oral debido a escasez de tempo\*. Esta proba será valorada conforme ao resto dos epígrafes, e avaliada en base a 10.

\* O punto da proba de *Speaking* sumárase ao *Writing*, que pasará a avaliarse cun máximo de 3 puntos.

**Procedementos de seguemento, recuperación e avaliación das materia pendentes. Plans de traballo para a superación da materia pendente.**

**Elementos esixibles.** O alumnado de 2º de Bacharelato que teña pendente a materia de Inglés de 1º de Bacharelato deberá superar unha das probas de recuperación programadas durante o curso académico fixadas dende Xefatura de Estudos.

**Plan de traballo:** Daráselles a través da aula virtual do centro material de reforzo para recuperar. Este traballo de reforzo non será avaliable.

O alumnado será supervisado dun xeito continuado polo profesorado correspondente. Ao mesmo tempo, o profesorado controlará a mellora das habilidades (Listening, Writing, Reading,...) durante o curso de referencia, mediante o uso dos instrumentos de avaliación utilizados para o resto do alumnado (probas escritas, taboas de observación, rúbricas etc.).

**Actividades de avaliación.** O alumnado será avaliado en tres convocatorias diferentes fixadas pola Xefatura de estudos.